

“PROXECTO DE AVALIACIÓN DA PESQUERIA DO POLBO EN GALICIA”

ANTECEDENTES:

Existe unha preocupación xeralizada no sector pola xestión da pesquería do polbo en Galicia, dende hai bastante tempo.

Tratase dunha pesqueira complicada e estratéxica na baixura de Galicia, por isto se fixeron plans de recuperación nos anos 2006 o 2009 e a partir de ese ano regulase a pesqueira mediante plans de explotación anuais. Tamén foi motivo de estudo por proxectos internacionais como GEPETO ou GAP2 nos que participou a Federación Galega de Confrarías, así mesmo existen confrarías con estratexias para mellorar a súa venta, creando marcas como “Polbo das Rias” ou “Pulpo de Lonja”. No pasado ano 2015, celebrouse un Foro Internacional de expertos para analizar as problemáticas da pesca do polbo a nivel do noroeste ibérico. Tamén existe un “comité de seguimento” do plan de anual do polbo entre as Federacións de confrarías de pescadores e a Xunta de Galicia.

Así mesmo deberase ter en conta que o marco actual para a xestión da pesca pasa polas liñas marcadas pola nova PPC. O que non debe facernos esquecer aspectos como a rexionalización da pesca, a obrigación de desembarques ou a posta en marcha de plans plurianuais.

Plans Plurianuais (ver PPC): Os instrumentos que establecen obxectivos da xestión da poboación en termos de mortalidade por pesca e tamaño da mesma. Inclúen follas de ruta detalladas para lograr os obxectivos e inclúen restricións do esforzo pesqueiro como complemento dos TACs ademais de normas de control.

Para analizar a situación da pesqueira e abordar unha mellora da xestión deste recurso, faise necesario unha reflexión e un análise sosegado do marco actual e das accións desenvolvidas na última década, onde deben participar tódolos implicados na busca dunha proposta clara e consensuada de como xestionar a pesqueira do polbo en Galicia nos próximos anos.

PROPOSTA:

Tomando como base os elementos anteriormente citados, poderíase deseñar un proxecto para revitalizar a discusión sobre este recurso e avaliar a situación da pesqueira na actualidade, con aras a tomar decisións para o futuro:

-Participantes e tarefas iniciais-

Necesariamente deberase contar dende o inicio deste proxecto, con tódalas partes implicadas na pesqueira obxectivo. Sendo éstas o sector pesqueiro (dende o nivel do pescador a os das asociacións de representantes), a Administración galega de pesca, os científicos das universidades e centros de investigación e as ONGs como representantes da sociedade civil.

Dado que se ten feito moito traballo previo de análise da pesqueira, é necesario revisar a documentación existente e as experiencias previas.

- Revisión conclusións sobre xestión do caso de estudo do Proxecto GEPETO
- Ter en conta o modelo de monitoreo e datos obtidos do caso de estudo do Proxecto GAP2 e o sistema de monitoreo e a rede de información da UTPB.
- Consulta os membros do Comité de seguimento do plan actual, sobre posibles problemáticas e retos.
- Uso das conclusións e recomendacións do Foro do Polbo, como documento base para elaboración de enquisas e para retomar temas pendentes.

-Accións do proxecto-

1. Elaboración de enquisa para o sector e reunión inicial

Enquisa encamiñada a coñecer a opinión do sector sobre a súa actividade, e obter información dos elementos que inflúen na situación da pesqueira dende un punto de vista biolóxico, económico e medioambiental. Para isto se pode tomar como base o documento do foro WWF, as enquisas de GEPETO..., etc. Esta enquisa debera ser consensuada por tódalas partes previamente ó envío aos profesionais. Para isto celebrárase unha reunión entre as partes, onde ademais se deberá fixar o obxectivo final e concreto do proxecto.

2. Consulta do sector

Deberá consultarse polo menos ás 20 confrarías con máis descargas, e que en cada unha fixeran a enquisa entre 3-5 persoas para ter un total de 60-100 persoas. (isto representaría entre o 10-16% da flota de polbo)

3. Informe de situación, resultado de revisión de cuestionarios

Unha vez recollidas as enquisas poderanse agrupar os resultados nun informe, que será posteriormente analizado e validado polos representantes do sector e compartido cos demais participantes do proxecto

4. Celebración de tres reunións cos representantes do sector

Contido das reunións: *(unha por unidade de xestión: Rías baixas, Costa da Morte e Golfo Ártabro, e Costa Norte)*

- Analizar o resultado das enquisas
- Debate sobre os tres niveles de discusión (Investigación, Xestión, Comercialización)

5. Deseño da estrutura e contido dunha Xornada final do proxecto

Tralo análise de resultados das reunións por zonas, traballarase no deseño dunha xornada que inclúa tódolos elementos definidos como importantes para a mellora da xestión e que recolla as conclusións das reunións anteriores.

6. Celebración de xornada de propostas de futuro.

Xornada onde se analizarán as propostas do sector, e ademais faranse mesas de debate con expertos para obter uns obxectivos claros. As xornadas pódense dividir en: Investigación, Xestión e Comercialización (continuando o esquema de WWF). Os participantes serán todas as partes implicadas na pesqueira.

Nesta ocasión o obxectivo non é a diagnose dos problemas senón o acordo nas accións para abordar os retos de futuro.


Como obxectivo final da xornada se precisa é unha **“definición clara de obxectivos de futuro e unha axenda concreta para implementar unha**

folia de ruta acordada, que sirva para co-xestionar desde o sector a pesquería con novos retos e novas fórmulas de xestión”

-Calendario-

Datas	Accións
ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño e elaboración da enquisa a fin de coñecer a opinión, observacións e problemas do sector. - 1ª Reunión: presentación do “<i>proxecto</i>” ao sector, administración, científicos e ONGs. Finalidades: fixar obxectivos e revisado da enquisa para o seu traslado ao sector.
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> - Traslado da enquisa ao sector - Recompilación de datos
XUÑO XULLO	<ul style="list-style-type: none"> - Celebración de 3 Reunións locais ou zonais coas seguintes finalidades: <ul style="list-style-type: none"> a) Investigación: <ul style="list-style-type: none"> • Análise dos datos obtidos a través das enquisas • Base de datos única da actividade da flota • Elección de indicadores de seguimento b) Xestión: <ul style="list-style-type: none"> • Monitoreo compartido entre o sector e técnicos (GAP2/UTPB) • Coxestión (sector, administración, científicos, ONGs) • Establecer canles de comunicación e diálogo continuo entre as partes c) Comercialización: <ul style="list-style-type: none"> • Estratexia de comercialización na pesquería • Plan de concienciación socioeconómico: coñecer o perfil dos consumidores; coordinación de medidas de xestión e comercialización entre zonas • Revisión propostas talleres comercialización OPAGA 2015
AGOSTO	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño do taller/xornada final a partir das conclusións das reunións anteditas
SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Taller/xornada final <ul style="list-style-type: none"> • Presentación e análise de resultados • Acordo sobre propostas firmes de cara a xestión da pesquería do polbo.
OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de conclusións finais do “<i>proxecto</i>”

-Esquema organizativo-



-Organización-

Os organizadores serán a Federación Galega de Confrarías de Pescadores e OPAGA, se pode pedir colaboración externa de WWF na a organización da xornada, así como o seguimento do plan por parte da administración. E faise necesaria a participación das ONGs, expertos científicos, confrarías de pescadores, e profesionais para poder obter uns resultados óptimos e vinculantes.